




A auga é o principal sustento da vida; realidade que comprenden ben os que carecen dela e que nós acotío esquecemos. Para nós é un servizo habitual e cómodo, xa que só temos que xirar a billa..., pero houbo un tempo no que era necesario ir buscar a auga á fonte, no que constituía un recurso fundamental para mover trebellos como serradoiros ou muíños, no que había que mollarse para lavar a roupa e, mesmo, no que había que ferverla para poder beber nos tempos da peste. Por estas razóns os nosos avós e avoas preferían o viño e bañábanse de cando en vez: encher un balde tiña o seu traballo e ninguén podía garantir a salubridade da auga das fontes ou dos pozos.

Conscientes deste papel fundamental no desenvolvemento de Santiago como cidade, autoridades e veciñanza buscaron sempre garantir un abastecemento estable e suficiente. Ese foi o obxectivo dos bispos Sisnando e Xelmírez que viron que un pobo que quería ser cidade tiña que dispor de auga de abondo para dar de beber ás súas xentes e tamén aos peregrinos que cada día chegaban. Esa foi tamén a teima das representacións dos barrios que promoveron a construción de fontes e lavadoiros alí onde fose preciso, nos sitios de sempre pero tamén nas rúas que pouco a pouco se foron formando, como a Carreira do Conde, o Campo do Forno ou o que hoxe é Vista Alegre.


Medraba a cidade e medraban as fontes e as canles. No século XVIII a cidade mudou a súa cara e xurdiron moitos dos edificios que hoxe admiramos, ao tempo que se renovou a rede de subministro. A primeira traída moderna (1922) trouxo comodidade, xa que levou a auga ás casas pero, sobre todo, permitiu caudal dabondo para soste a poboación e os negocios dunha cidade que buscaba recuperar a súa capitalidade. A electricidade fixo posible o bombeo desde lonxe e subir a auga ata a Almacía.

O meteórico desenvolvemento nos anos 1960/70 supuxo un importante desafío: moitas xentes viñeron á cidade e daquela vivían máis lonxe e en edificios máis altos. A rede foi novamente reestruturada e ampliada, o depósito das Cancelas asegurou presión e caudal aos novos barrios e aos novos usos. A auga da billa era abundosa e gozábase dela sen cortes; ademais podía consumirse sen medo ao estar potabilizada.

Non obstante, antes e agora a auga segue chegando dos ríos e mananciais e, en última instancia, da choiva; e continúa sendo un recurso custoso xa que hai que captala, potabilizala, bombeala e, para non disturbar os procesos ecolóxicos, debe depurarse antes de volver á natureza. A nosa auga ten un prezo, pero tamén un valor incalculable posto que nos permitiu desenvolvernos e medrar como cidade.



A auga na historia da cidade
Testemuños históricos do abastecemento de auga en Santiago de Compostela



A auga na historia da cidade

Testemuños históricos do abastecemento de auga en Santiago de Compostela

LUGARES HISTÓRICOS DO ABASTECIMENTO DE AUGA EN SANTIAGO

1. Granxa do Xesto

En 1910 Lorenzo López de Rego Labarta presentou ao Concello unha proposta para unha rede de abastecemento alimentada polos mananciais do Xesto ou das Fontiñas. Daría auga a máis de 600 vivendas e á casa de baños que este empresario tiña na Poza de Bar.

2. Capela da Nosa Sra. da Fonte

O rego que pasa ao carón era un dos puntos de concentración das lavandeiras, así como os regatos que confluían nel; aquí -como en todas partes- a construción do lavadoiro buscaba mellorar as duras condicións laborais destas mulleres. Tamén traballaban no Sarela -río arriba desde o Carme- e no Sar, sobre todo debaixo da Baiás.

3. Fonte Branca e Chan de Curros

Aquí atópanse varios mananciais que acaban confluindo para descender conxuntamente e abastecer a cidade. Son de boa calidade, por nacer en pena viva, e en situacións exentas polo natural de toda malignidade visible que corrompa a pureza e calidade da auga que deles sae (Juan López Freire, director das obras do abastecemento, 1782).

4. Arqueta en Meixonfrío

Unha serie de mananciais nas proximidades do actual Polígono do Tambre foron aproveitados en exclusiva polo Hospital Real desde o século XVI. O conxunto de canles e arquetas atravesaban o núcleo de Meixonfrío e baixaba polas Tabaniscas cara a San Caetano e ao Espírito Santo; tardiamente acabaría uníndose á rede xeral da cidade.

5. A Ponte Mantible

É a parte máis visible de todo o sistema antigo e servía para salvar o desnivel do val de Vite e o río Corgo. Construíuse no século XVIII para substituír unha anterior. Desde aquí, a auga continuaba cara á cidade por San Caetano e Santa Clara.

6. Depósito das Cancelas

Entrou en funcionamento en 1974 e incrementou considerablemente o caudal de auga dispoñible. A cidade medrara moito na última década e con edificios ben altos; esta instalación veu solucionar o desequilibrio creado entre oferta e demanda.

7. Depósito da Almacía

A primeira pedra deste edificio púxose en maio de 1922; foi a principal infraestrutura da traída moderna. Servía para almacenar a auga e dar maior presión ao sistema.

8. Fonte de San Miguel

Ata aquí chegaba a condución principal desde os mananciais; unha gran arqueta servía para almacenar e distribuír a auga ás fontes públicas e privadas da cidade por medio de tubarías soterradas.

9. Fonte da Praza de Cervantes

Foi unha das principais da cidade ao estar nun dos espazos públicos máis sinalados. As fotos antigas mostran moitísimas augadoras ao seu carón, malia que xa no século XIX se preferían outras fontes máis frescas e limpas para a auga de beber.


10. Belvis

O rego de Belvis (chamado tamén do Cancelón ou das Tripeiras) foi zona de intenso aproveitamento hidráulico. Aquí estaban nos tempos medievais as pías de curtir os coiros; logo viñeron as fábricas de curtidos e, no fondo de todo, o barrio de Andújar, no que vivían os fogueteiros.

www.compostelaviva.org

¿Sabías que...

- Mesmo dentro da cidade había casas que se abastecían de auga con pozos propios? Estaban non só no barrio de San Pedro, San Lourenzo ou na Carreira do Conde senón tamén na Rúa Nova e na do Vilar.
- Desde a Idade Media fixéronse concesións das augas sobrantes? O mosteiro de San Martiño Pinario, o convento de San Francisco, o Conde de Altamira e o de Amarante podían así dispoñer con máis comodidade da auga, algo que pagaba a pena, malia que houbera que custear a construción das conducións. Mesmo houbo unha muller, Maior Aras, que obtivo en 1418 dereito a conducir parte do que rebordaba na fonte de Cervantes para regar as súas hortas máis alá da muralla, no que hoxe é a zona da Rúa Curros Enríquez.
- Cada unha destas acometidas era rigorosamente vixiada? Era a auga sobranche das fontes ou ben da arqueta principal de San Miguel; e os que gozaban deste dereito podían instalar unha tubaría do diámetro exacto dunha moeda.
- A fonte do Franco xorde dun manancial que hai nesa casa? No século XVII, o dono da casa arranxou a acometida e a fonte e no XIX remodelouse significativamente. Segundo a tradición nela pararon a beber os bois que traían o corpo do Apóstolo.



Lavadeiras no río Sarela (1925)



Praza de Praterías (P. Mas, 1919)



Praza de Cervantes (P. Mas, 1919)

Os mananciais

Cando menos desde o tempo do arcebispo Xelmírez, a cidade toma auga desde mananciais situados a certa distancia. O aproveitamento máis antigo é o dos mananciais da Fonte Branca que están nos montes que coroan Vite e o Romáño. Desta liña xeral alimentáronse as principais fontes da cidade.

Con motivo da construción do Hospital Real, engadíronse os do Chan de Curros pero ata o século XX non houbo, malia diversos proxectos, outros puntos de captación. En 1932, arranxáronse tomas das Brañas de Brins e no Monte Pedroso. En 1943 comezou o aproveitamento do río Tambre, que hoxe é o proveedor principal, ao instalarse unha estación elevadora e depuradora preto de Marzoa de Arriba.



Rúa do Vilar (P. Mas, 1931)



Rúa da Virxe da Cerca e fonte da Porta do Camiño (P. Mas, 1919)

As augas limpas

A salubridade da auga foi un problema constante ata o século XX. O uso de conducións de madeira e barro, a falta de mantemento, o descoido da veciñanza e dos operarios ou a apertura das arquetas para facer conducións ilegais facilitaban a contaminación.

A renovación integral do sistema –incluído o saneamento e recondución das augas na Fonte Branca– no século XVIII supuxo un importante avance; non obstante, cada brote de tifo ou cólera facía que todos volvesen os ollos ás fontes e á auga que bebían. A traída municipal comezada en 1922 trouxo auga potable e subministro estable.

As non tan limpas

Ata finais do século XVIII, as augas residuais das casas caían ás rúas por caneiros que baixaban polas fachadas. Estas augas destruían os pavimentos, emporcaban os viandantes e constituían un foco constante de problemas para a saúde pública.

As Ordenanzas de Policía Urbana aprobadas en 1780 deron inicio á construción dun sistema soterrado de sumidoiros. Malia que tardou en acadar unha amplitude importante, a rede municipal de sumidoiros foi pioneira ao evacuar non só as augas residuais senón tamén as pluviais, servizo do que carecían a maior parte das cidades europeas do seu tempo.

Praza de Mazarelos (P. Mas, 1919)



Praza do Toural (P. Mas, 1919)

Lavadeiras, augadoras e fontaneiros

A chegada da traída supuxo a fin de dous oficios tradicionais que eran exercidos por mulleres. Moitas gañaban un xornal lavando roupa no río de Vite, en Santa Isabel ou no Sar e, ás veces, incluso, nas fontes dos barrios –prohibido nas ordenanzas municipais–. O seu era un traballo moi duro: ir polas casas da cidade a recoller a roupa para logo lavala, deixala clarear, secala e, finalmente, devolvela. Ata que se construíron os lavadoiros, as mulleres lavaban metidas no río ou axeonlladas na beira. Tanto no inverno como no verán había mulleres lavando e roupa tendida; se chovía, había que secar a roupa na casa. A humidade perseguía a estas mulleres que envellecían prematuramente e sufrían acotío enfermidades laborais (deformidade dos membros ou problemas de articulacións e de pel derivados da exposición a certos produtos, como a sosa usada para branquear a roupa).

A vida das augadoras non era tan miserenta pero sufrían o maltrato e desprezo das que gañan a vida servindo polas casas. Eran sobre todo mozas novas; recollían as sellas, esperaban a súa quenda na fonte e logo volvían cos baldes na cabeza; moitos portes ao día por unhas poucas moedas.

Ata 1922 os encargados de que todo funcionara eran os fontaneiros municipais. Existiron, cando menos desde o século XVI e desde aquela podemos seguir o seu traballo e, mesmo, coñecer os seus nomes. O seu cometido era o arranxo das conducións, facer as ampliacións da traída e vixiar os enganches ilícitos. O Hospital Real, que tiña abastecemento propio, tamén tiña o seu fontaneiro.